# *Cytisus scoparius* (L.) Link, 1822

- xesta (negra), x. brava, x. das basoiras
- retama, escoba negra, genista angulosa
- gisats, isats
- ginesta d'escombres, gódua, ginestell, ginesta borda
- scotch broom
- giesta, giesteira-das-vassouras, xesta



**ESTADO DE CONSERVACIÓN**

EX ES CR EP VU CA **PM**

**EX**: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

| DIVISION | CLASE | ORDE | FAMILIA | XÉNERO |
|---|---|---|---|---|
| **Magnoliophyta** | **Magnoliopsida** | **Fabales** | **Fabaceae** | ***Cytisus*** |

## ORIXE

Europa, especificamente da Europa atlántica e da rexión mediterránea.

## CARACTERÍSTICAS

Arbusto perenne moi ramificado, erguido, de ata 2 m de alto. As pólas, angulosas, son dun verde brillante, numerosas, alongadas, rectas e delgadas, con 5 costelas, resistentes e moi flexibles. As máis novas teñen pelos sedosos (pubescentes) mentres que as máis antigas son glabras. As follas son pequenas, alternas, suavemente peludas ou glabras. As inferiores cun curto pecíolo e trifoliadas, e as superiores sésiles e simples. Son alongadas e elípticas, de marxes enteiras. Carece de espiñas. As flores son solitarias ou en parellas, con 5 sépalos glabros que se fusionan nun tubo. O pétalo superior é máis grande e amplo cós dos laterais, e os dous inferiores fusiónanse nunha quilla algo curvada. Son de cor amarela dourada. O froito é un legume comprimido de 25-45 mm, de cor verde a marrón case negro a medida que madura.

## HÁBITAT

Bordos de bosques, claros, orlas e matogueiras. Sobre solos ácidos e silíceos, a altitudes que van dende o nivel do mar ata os 2000 m, preferindo ambientes solleiros e frescos, e adaptándose ben a condicións de seca.

## DISTRIBUCIÓN

Europa occidental e central, pero foi introducida e naturalizada en case todo o mundo, incluíndo América do Norte, América do Sur, Sudáfrica, Australia e Nova Zelandia.

## CURIOSIDADES

Nalgunhas zonas de Galicia existía a tradición de colgar pólas de xesta nas portas das casas o primeiro día de maio para escorrentar as bruxas e neutralizar meigallos.